

<p>TEXTO 1 Prohíbese, por orde da Alcaldía, que medren porque si as rosas do xardín municipal. Dende agora as pombas teñen que pedir licenza para voar. Prohíbese á lúa andar ceiba de noite polo ceo. A lúa é unha tola que anda espida dando mal exemplo ás nenas castas e aos fillos de familia. Pagarán trabucos os poetas. Prohíbese soñar de 10 a 11. Prohíbese tamén derramar bágoas. Pódese chorar tan só cando hai sequía pra que non fiquen baldeiros os pantanos. Un só se pode emocionar os Xoves e os Domingos cando toca a Banda do Concello no quiosco. Están fóra da lei as estrelas, a Primavera, as flores e os paxaros. Dáse este bando en tal e cal para que se cumpra de orde do alcalde. Asinado, carimbado e rubricado.</p>	<p>TEXTO 2 Galicia docemente está ollando o mar: ten vales e montañas e terras pra labrar!</p> <p>Ten portos, mariñeiros, cidades e labregos cargados de traballos, cargados de trafegos!</p> <p>Galicia é unha nai velliña, soñadora: na voz da gaita rise, na voz da gaita chora!</p> <p>Galicia é o que vemos: a terra, o mar, o vento... Pero hai outra Galicia que vai no sentimento!</p> <p>Galicia somos nós: a xente e mais a fala. Se buscas a Galicia en ti tes que atopala!</p>	<p>TEXTO 3 O idioma é a chave coa que abrimos o mundo: o salouco máis feble, o pesar máis profundo.</p> <p>O idioma é a vida, o coitelo da dor, o murmurio do vento, a palabra de amor.</p> <p>O idioma é o tempo, é a voz dos avós e ese breve ronsel que deixaremos nós.</p> <p>O idioma é un herdo, patrimonio do pobo, maxicamente vello, eternamente novo.</p> <p>O idioma é a patria, a esencia máis nosa, a creación común meirande e poderosa.</p> <p>O idioma é a forza que nos xungue e sostén. ¡Se perdemos a fala non seremos ningún!</p> <p>O idioma é o amor, o latexo, a verdade, a fonte da que agroma a máis forte irmandade.</p> <p>Renunciar ao idioma é ser mudo e morrer. ¡Precisamos a lingua se queremos vencer!</p>
--	---	---

ACTIVIDADES sobre os textos de Manuel María:

- 1. Fai un glosario coas palabras que descoñezas.**
- 2. Pon un título a o poema e explica cal é a súa temática.**
- 3. Cal cres que é a intención do poeta?**
- 4. Trata de localizar algún recurso literario dos vistos na aula.**